

Decisións equivocadas

Ela era máis feliz así, seguindo unha estrita rutina durante máis da metade da súa vida. Vivía sen distraccións, enfocábase no máis importante: manterse minimamente informada do que ocorría no mundo. Parece mentira que cambiase tanto dende a súa xuventude, cando non facía caso das súas responsabilidades, pasaba máis tempo fóra ca dentro da casa e vivía por e para a noite. Ademais, contadas veces pasaba pola casa dos seus preocupados pais, que tentaban axudala, pero ela nunca lles facía caso.

Esta indiferenza causoulle consecuencias: vivir case toda a súa vida engaiolada e lamentándose de todos os seus actos. Foi aquela vida da súa xuventude tan aloucada e frenética como para merecer isto? Ela cre que non, pero xa lle dá igual todo, non hai nada que poida facer.

Co tempo acabou acostumando. Xa non hai volta atrás.

Lucía Fernández Gándara 4ºA